

ACTA N.º 01 / 2021

SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO PROVINCIAL DE TURISMO

DATA	Xoves ,25 de FEBREIRO de 2021
HORA	18:30 horas
LUGAR	Sesión Telemática a través de Zoom.
ASISTENTES	<ul style="list-style-type: none"> • PRESIDENTE: JOSÉ TOMÉ ROCA • VICEPRESIDENTA: PILAR GARCÍA PORTO • SECRETARIO: JOSÉ ANTONIO MOURELLE CILLERO • GRUPO PROVINCIAL PSDG: PABLO RIVERA CAPÓN (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PSDG: MAYRA GARCÍA BERMÚDEZ (TITULAR) • GRUPO PROVINCIAL PARTIDO POPULAR: JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ (SUPLENTE) • GRUPO PROVINCIAL BNG: MAITE FERREIRO TALLÓN (TITULAR) • MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA: FRANCISCO CAJOTO CASERÍO (TITULAR). • CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA: LUÍS FERNANDEZ GUITIÁN (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA E TURISMO DE LUGO – APEHL: JOSÉ FRANCISCO REAL CASTRO (TITULAR). • FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO: JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ (TITULAR) • ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE GUÍAS DE TURISMO DE GALICIA - APIT GALICIA: MÓNICA DÍAZ JUBLÍN (TITULAR) • FEDERACIÓN GALEGA DE TURISMO RURAL - FEGATUR: FRANCISCO XABIER ALMUÍÑA CHORÉN (SUPLENTE) • AUXILIA: AQUILINO GONZÁLEZ ÁLVAREZ (TITULAR) • XEFE DE ÁREA CULTURA E TURISMO: MERCEDES LAMELA LÓPEZ.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	1/13



	<ul style="list-style-type: none"> • RESERVA DA BIOSFERA DOS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ: ANDREA MACHO BENITO (TITULAR) • RESERVA DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO: LUIS J. FERNÁNDEZ REIJA (TITULAR)
--	--

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 10 de decembro de 2020.
- 2.-Avance das actuacións previstas polo Servizo de Turismo ao longo do 2021.
- 3.-Rogos e preguntas.

DESENVOLVEMENTO

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 10 de decembro de 2020.

Por vía telemática, a través da plataforma Zoom, ás 18:30 horas e despois que o secretario do Consello Provincial de Turismo, Don José Antonio Mourelle Cillero, comprobase a asistencia a esta sesión ordinaria; toma a palabra o presidente, Don José Tomé Roca, dando a benvida a todos os asistentes e sinalando que despois finalizar o primeiro punto da orde do día, pasaralle a dirección da sesión do Consello á deputada de turismo, Dona Pilar García Porto, debido a que ten que ausentarse por compromisos posteriores, polo que pide desculpas ao resto dos membros asistentes.

Continúa o presidente, Don José Tomé Roca, sinalando que antes de iniciar co punto primeiro gustaríalle pronunciar unhas palabras.

Indica que no Consello Provincial de Turismo co que pechamos o ano 2020, no mes de decembro, avanzamos que a Deputación de Lugo ía seguir traballando para consolidar o modelo de turismo da nosa provincia. Un turismo de calidade, sostible, de natureza, que pon en valor o patrimonio material e inmaterial da provincia de Lugo.

Pois ben, prosigue, iso foi o que fixemos. Hai poucos días, presentamos publicamente, a toda a cidadanía, un Plan de Impulso da Economía da Provincia de Lugo, ao que destinamos 7M€, o que supón, o 8% do Orzamento da Deputación de Lugo.

Sinala que a Deputada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, exporalles máis en detalle ó longo desta reunión as accións concretas que incluímos neste Plan, un Plan que, no seu conxunto, responde ás grandes liñas de traballo ás que facía referencia ao principio.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	2/13



Trátase, engade a continuación, dun Decálogo de Medidas de apoio directo, de promoción e de incentivo do consumo, coas que dende a Deputación de Lugo seguiremos contribuíndo a manter e a recuperar os sectores económicos máis afectados pola crise da Covid-19, sobre todo, o turismo, a hostalaría e o comercio local. Pero tamén contribuiremos, como dicía, a consolidar o modelo de turismo da nosa provincia, un turismo de calidade e sostible, coa posta en marcha de programas que crean valor engadido e que xeran un efecto multiplicador na economía.

Prosigue dicindo que, como sempre dixemos, queremos unha recuperación sostible no tempo, unha recuperación estable e unha recuperación eficaz do tecido produtivo e ese é o camiño no que estamos traballando dende o goberno da Deputación. Para iso fan falta medidas inmediatas e a curto prazo, pero tamén que teñan unha continuidade no tempo, como as que incluímos no Plan de Impulso da Economía da Provincia. Como dicía, destinamos 7M€ a esta nova acción de loita contra o impacto da pandemia, o que supón o 8% do Orzamento da Deputación de Lugo.

Sinala que estamos falando dun investimento e dun esforzo económico moi importante, xa que non hai que esquecer que a Deputación de Lugo so ten 90M€ de orzamento, sobre todo se temos en conta que, a día de hoxe, e despois dun ano de pandemia, as administracións locais non recibimos nin un só euro extra para combater o impacto da crise, cando as necesidades son maiores.

Sigue dicindo que os gobernos autonómicos, no noso caso a Xunta de Galicia, si que ingresaron xa cuantiosos fondos do Estado en 2020, concretamente 224M€; e recibirá 442M€ da Unión Europea e, onte mesmo, o Goberno do Estado anunciou un novo fondo de axudas de 11.000 millóns de euros para a hostalería, o turismo e o pequeno comercio. É unha boa noticia, un exemplo máis do traballo continuado para facer fronte á pandemia. Pero hai que xestionar estes fondos con acerto e con transparencia.


Indica que precisamente, dar conta aquí do Plan de Impulso da Economía da Provincia, e en concreto das actuacións previstas pola área de Turismo, supón manter a fórmula de diálogo e de colaboración que dende un principio marcou a razón de ser deste Consello Provincial de Turismo, pero tamén supón unha mostra clara de transparencia na xestión dos fondos públicos, que é un dos compromisos do conxunto do Goberno de Deputación de Lugo.

Xa para finalizar, e antes de darlle paso a Pilar García Porto, quero reiterarlles a vontade da Deputación de Lugo de seguir traballando con rigor, con compromiso e con transparencia pola recuperación e polo impulso do turismo como sector económico estratéxico da provincia, dentro das nosas competencias e cos recursos dos que dispoñemos, algo que creo que vimos demostrando dende o principio do mandato.

Remata agradecendo a atención e pasa ao primeiro punto da orde do día: aprobación da acta da sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo celebrada con data 10 de decembro de 2020.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	3/13



Pregunta o presidente, Don José Tomé Roca, se hai algunha moción á acta. Ao non haber ningunha, somete a votación:

Votos a favor: 13 (José Tomé Roca, Pilar García Porto, Pablo Rivera Capón, Mayra García Bermúdez, José Jesús Novo Martínez, Francisco Cajoto Caserío, Luís Fernández Guitián; José Francisco Real Castro, José María Seijas López, Mónica Díaz Jublín, Francisco Xabier Almuiña Chorén, Aquilino González Álvarez e Mercedes Lamela López)

Abstencións: 1 (Maite Ferreiro Tallón)

Quedando aprobada a acta da sesión ordinaria do 10 de decembro de 2020.

2.-Avance das actuacións previstas polo Servizo de Turismo ao longo do 2021.

O presidente retírase do Consello ás 18:48, tomando a palabra Dona Pilar García Porto.

Nun primeiro lugar, dá as grazas ao presidente e ao resto dos membros do Consello Provincial de Turismo pola súa asistencia ao mesmo. Continúa sinalando que na Deputación de Lugo, levamos desenvolvendo, dende que comezou a pandemia, políticas e accións importantes e de calado para intentar paliar os seus efectos que a crise e a pandemia tivo sobre a economía e as persoas, facéndoo dentro das nosas posibilidades e cos recursos económicos dos que dispón esta administración.


Engade que hoxe o que queremos é darlles conta das principais liñas de actuación previstas para este ano 2021 dende a área de turismo e, nese sentido, quixera tamén lembrar que todo o que se vai comentar supón un grande esforzo, unha reformulación dos criterios que viñan sendo habituais dentro do orzamento da institución provincial con respecto a anualidades anteriores 2020, xa que o ano pasado, coa aparición da pandemia, tivemos que facer unha readaptación urxente para poder paliar e minimizar as consecuencias do Covid 19. Sinala que non se trata dun esforzo económico menor, xa que cos mesmos cartos cos que se contaba en anualidades anteriores (e incluso menos) hai que facer un sacrificio para intentar promocionar o territorio, para apoiar o turismo e a hostalaría e para apoiar o pequeno comercio, que son os sectores máis afectados neste momento.

Menciona que este reacomodo económico débese facer sen prexudicar a outros sectores que teñen importancia na provincia e que se veñen apoiando dende esta institución dende fai tempo sen esquecer, tampouco, as obrigas que temos cos concellos como institución provincial que somos xa que a eles nos debemos e é a nosa obriga traballar e colaborar cos mesmos; ademais facendo todo isto adaptándonos ás circunstancias actuais.

Continúa sinalando que hai que recordar tamén que as administracións locais, isto é, nin os concellos nin as deputacións recibimos ingresos extras por parte do Estado nin por parte da Unión Europea. Quero deixar isto claro xa que se falan das cantidades económicas que viñeron, están por vir ou virán de fondos europeos, de fondos estatais pero o certo é que para a loita contra a pandemia quen os está a recibir son as comunidades autónomas, xa que son as que teñen as competencias nesas materias fundamentais coas que hai que traballar pero é

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	4/13



importante saber que as administracións locais non estamos recibindo ingresos extras para estas necesidades.

Sinala Dona Pilar García Porto que pasa a dar conta do que se vai facer dende a Deputación de Lugo, máis concretamente na Área de Turismo, as accións que se teñen definidas a estas alturas do ano e que, seguramente, non van ser as únicas para impulsar o turismo nesta provincia. Continúa dicindo que practicamente, o 8% do Orzamento desta institución vai ir destinado a un plan de impulso para fomentar a economía de Lugo. Este plan inclúe medidas de apoio, promoción e incentivo ao consumo coas que imos seguir contribuíndo a manter e a recuperar os sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias: a hostalaría, o turismo e o comercio local.


Comenta que neste Plan forman parte medidas novidosas, e outras reformuladas para ampliar o seu impacto e que teñan un efecto multiplicador. Son accións que combinan, por unha parte, a inxección directa de recursos nos sectores máis afectados pola pandemia, e, por outro, a creación de valor engadido porque, como sempre dixemos, queremos unha recuperación sostible no tempo, unha recuperación estable e unha recuperación eficaz do tecido produtivo. Para iso, fan falta medidas inmediatas e que se apliquen a curto prazo, pero tamén que teñan unha capacidade de ter unha continuidade. Ademais trátanse de accións coas que a Deputación cumpre de maneira transversal cos obxectivos marcados na Axenda 2030 das Nacións Unidas que, ademais dunha obriga, tamén se está traducindo nunha oportunidade para resultar máis atractivo ao visitante favorecendo un desenvolvemento sostible e o traballo digno; a igualdade entre persoas; a saúde e o benestar; e a protección e a promoción do medio ambiente; algo que xa se viña facendo dende esta institución provincial pero que agora vaixe a reforzar máis.

Menciona que entre as principais medidas deste plan vinculadas coa sustentabilidade do turismo desta provincia, están, a creación de bonos para o fomento do consumo na hostalaría e no comercio local, que xa se anunciou a semana pasada, e ca que se vai facer unha inxección económica directa de máis de medio millón de euros nos negocios da hostalaría e no pequeno comercio de todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, que son a gran maioría, e entre os que se van repartir un total de 17.000 bonos, cun importe de 30€ cada un deles, para consumir ou para mercar nos establecementos da provincia. Esta actuación terá un efecto multiplicador, porque o máis probable é que non se quede nos 30 € senón que o consumo será maior; por iso se fala dun beneficio económico directo e inmediato nos comercios e nos restaurantes, ademais de poñer en valor e promocionar a hostalaría e o comercio no momento en que se vaia poder abrir con normalidade, algo que no debemos esquecer porque hai que xerar nas persoas o hábito de saír ao comercio, á cafetería, ao restaurante o que será tamén un impulso nese sentido.

Sinala que a seguinte medida que quere comentar é un programa que se denomina *Coñece a túa provincia*, ao que se destina 200.000€ nesta anualidade. Trátase dun programa para fomentar o turismo de proximidade entre os propios veciños e veciñas da propia provincia de Lugo, o que contribuirá á recuperación sostible do sector turístico e da hostalaría, así como a gañar a confianza, outra vez, das persoas para saír da casa e relacionarse co entorno, polo que

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	5/13



imos poñer en marcha esta actuación. Este programa estará dirixido a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e que vai ofrecer viaxes en pequenos grupos, dunha xornada de duración, por distintos puntos da xeografía lucense, seguindo diversas rutas que o que farán será cubrir a totalidade do territorio, poñendo no mapa aos 67 concellos da nosa provincia.

Engade que as medidas veranse reforzadas con outro programa denominado *Saborea a túa provincia* que non coincidirá co anterior en datas e que ten un único obxectivo: o de promocionar e incentivar o consumo dos produtos de calidade da provincia de Lugo. Para iso vaise a desenvolver este programa que vai a consistir en xornadas gastronómicas e lúdicas por toda a provincia que se realizarán en fins de semana, e na que cociñeiros e cociñeiras lucenses colaborarán con establecementos locais para poder ofrecer pratos con produtos típicos de cada zona promocionando, fundamentalmente, os produtos de proximidade. A maiores, haberá actividades lúdicas para todos os públicos.

Continúa dicindo que, paralelamente aos programas Coñece a túa provincia –viaxes dunha xornada- e Saborea a túa provincia –xornadas de promoción de produtos de calidade-, a Deputación tamén vai ofrecer, as fins de semana, actividades de turismo activo e deportivo, e actividades fluviais, para público xuvenil e familiar.


Menciona que xa se levou a Xunta de Goberno as viaxes por catamarán pola Ribeira Sacra, pero este ano vaise fomentar xa que cremos que hai que partir dunha base: que este ano vai ser o ano da Ribeira Sacra, xa que a Unesco pode que declare esta paisaxe única como Patrimonio da Humanidade, probablemente no mes de xuño na China. Por isto, quérese iniciar con máis forza, aproveitando que o venres 19 é a ponte de San Xosé anticipouse o inicio das rutas, estirándoas ata final de ano. Este servizo xa conta coa experiencia do ano pasado de traballar con medidas Covid que se pode aplicar sen ningún tipo de dificultades, lembrando que na tempada anterior, con restricións, superamos as 11.000 persoas nestas rutas, tendo en conta que se comezou máis tarde debido ao confinamento.

Sinala que, a todo isto, haberá que sumar o impacto do paso pola provincia de Lugo da Volta Ciclista a España 2021, con final de etapa en Monforte de Lemos o día 3 de setembro, coa conseguinte promoción que isto supón. Hai eventos que teñen unha repercusión que van máis aló do propio día no que suceden e este é un deles xa que, ademais do atractivo da xente que se achega a vela, ten unha gran repercusión mediática e, dende logo, a Ribeira Sacra e as súas paisaxes préstase máis que ningunha. Por iso cremos que este tipo de accións van axudar, máis que ningunha, a posicionarnos no mapa do turismo nun futuro que é o que perseguimos, máis alá que agora é importante contar con medidas de impulso; os retos son grandes e son moitos os territorios que están a traballar aproveitando as oportunidades. Na provincia de Lugo temos un territorio que se presta, xa que a xente busca lugares non masificados, lugares onde se poda facer actividades en natureza, lugares virxes... aos que poder achegarse en compañía da familia e dos coñecidos e poder desfrutar con saúde nunha contorna libre de Covid pero, sobre todo, non concorridos.

Comenta que outra das actuacións e a realización do Lugo Termal, que saben que é un programa dirixido a favorecer o benestar social e dinamizar a economía a través do impulso do termalismo que este ano vaise modificar para poder chegar a un maior número de persoas así,

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	6/13



aqueles que desexen participar poderano facer sempre que teña 50 anos ou máis, podendo os acompañantes non ter esa idade.

Sinala que, por outra banda, as axudas directas a colectivos para a promoción do territorio son importantes para esta institución, sobre todo para todos aqueles proxectos que están relacionados o vinculados co medio ambiente e co medio rural.

Continua engadindo que, quixera poñer o exemplo dun proxecto que tivo o seu éxito pero aínda pode acadar máis como é o proxecto de recuperación, conservación e aproveitamento económico dos soutos da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, porque iniciativas e proxectos coma estes consiguen non solo ser útiles para as persoas senón poñer a nosa provincia no mapa facéndoa máis visible e atractiva. Lembra que esta iniciativa foi a que puxo a Deputación de Lugo como finalista nos premios Copa de España Creativa 2020 uns galardóns que recoñecen os proxectos máis innovadores e máis creativos do Estado para favorecer o desenvolvemento do territorio; situándose como primeira finalista na súa categoría. Estamos, sinala, ante un proxecto do que sentirnos orgullosos, do que tomar exemplo para repetir outros semellantes no territorio.

Menciona que, as axudas de concorrencia competitiva que se van a convocar, por primeira vez este ano, terán como obxectivo impulsar proxectos novidosos e sostibles para o desenvolvemento social e económico da nosa provincia.


Comenta que se van manter e incrementar na medida do posible a colaboración directa co tecido asociativo da provincia xa que dende esta institución, e todos vostedes o saben, mantense unha colaboración directa e permanente coas asociacións do terceiro sector e cos colectivos profesionais que agrupan aos sectores produtivos da nosa provincia, precisamente, para levar acabo os seus propios proxectos que repercutan no impulso da economía da provincia. Algún dos exemplos pode ser a CEL ou mesmo dous dos que están hoxe aquí representados: a Asociación de Hostaleiros e a Federación de Comercio, pero existen outros vinculados, que non se poden esquecer e que son fundamentais para o desenvolvemento da provincia.

Indica que este ano, imos destinar 1M€ para asociacións do eido social, económico, turístico e audiovisual da provincia de Lugo para prestar unha axuda fundamental a proxectos que teñen un efecto directo no mantemento do emprego e na recuperación económica.

A deputada – delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo continúa falando sobre medidas que poden afectar nun número importante a empresas vinculadas ao eido turístico e da hostalaría como é a media para dixitalización de autónomos e PEMES, aos que se destinan 1,7M€ para mellorar a competitividade e a rendibilidade das pequenas e medianas empresas, así como dos autónomos da provincia a través das novas tecnoloxías. Vai ser un programa gracias ao que, polo menos, 770 PEMES e autónomos, que terán a oportunidade de diversificar e modernizar a organización da súa empresa, tamén a tecnoloxía.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	7/13



Especifica que onde se vai traballar tamén na mellora da empregabilidade de parados de longa duración. Para iso destinarase 370.000€ á formación de máis de 250 persoas desempregadas de longa duración, en sectores con gran potencial de emprego na provincia non so presente, senón tamén futuro, como son: a atención sociosanitaria a dependentes, e a renovación xeracional no sector vitivinícola; este último tendo en conta que a Ribeira Sacra aspira a ser declarada este ano Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, o que pode dar tamén un impulso ó coñecemento dos viños desta denominación.

Comenta que tense unha débeda social cun grupo de persoas das nosa provincia que son os mozos e mozas desempregados, algúns deles retornados e outros que decidiron quedar nesta terra e non tiveron oportunidades ou non souberon atopalas no seu momento , polo tanto é obriga das administracións captar todo este talento da xente nova e ofrecer oportunidades que non atopan emprego para que poidan facer un proxecto de vida nesta provincia. Para isto faremos un esforzo de 2,3M€ para promover un programa de fomento do emprego que vai a chegar a 600 mozos e mozas da nosa provincia e moitos dos proxectos que se desenvolvan van ter que ver coas novas oportunidades no sector turístico e coas novas oportunidades no eido rural, permitindo traballar en moitas empresas e entidades do terceiro sector orientándose para ter o seu propio proxecto laboral, para nun futuro se lles permita consolidar nesta provincia.

Engade que, como se ve, nas medidas sinaladas que xa se anunciaron a semana pasada nos medios de comunicación dentro deste plan de impulso da economía da provincia, un número moi importante está relacionado directamente coa hostalaría e o turismo, coa promoción do territorio; adicándose unha parte moi importante do orzamento.

A todo o anterior, tense que sumar o Plan Único que é un plan que reparte os fondos de xeito igualitarios para todos os concellos unha contía importante do presuposto da Deputación de Lugo e que ademais ten unha liña Covid. O ano pasado, dispuxemos para este Plan máis de 10,6M€ para impulsar medidas sociais e económicas destinadas a paliar os efectos da pandemia, que este ano poden seguir facendo, se os Concellos así o deciden.

En definitiva, seguiremos traballando da man dos concellos e do tecido social e económico, para favorecer a recuperación económica da provincia de Lugo. Nós temos claro cal é o papel das Deputacións e temos que recordalo: temos que colaborar cos concellos e co tecido produtivo, con actuacións de impulso, de promoción e de recuperación da economía, e deixar que as axudas directas ós sectores económicos afectados, segundo a Lei e segundo os recursos, neste caso témosllo que deixar ás administracións autonómicas, xa que elas son as que teñen as competencias por lei e insiste que sabe que parece que é un recurso fácil o de falar de quen ten as competencias, pero hai que pensar en quen ten os recursos xa que se están poñendo a disposición unhas grandes cantidades de cartos que están vindo, non só a Galicia senón tamén a todo o país, que están chegando a través das comunidades autónomas por iso nos vemos tamén obrigados a explicarlles que quen ten que facer ese reparto a través de liñas e axudas directas teñen que ser as autonomías xa que elas son as que teñen o espazo económico e as competencias. De tódolos xeitos, nós como institución provincial, estaremos sempre a disposición de calquera colaboración que poidamos poñer en riba da mesa para

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	8/13



acompañar todas as medidas que se poñan en marcha. Nós seguiremos traballando cos recursos que temos sen ningún tipo de ingreso extra xa que non o recibimos nin as deputacións nin os concellos para poder acompañar ao tecido produtivo da provincia, para poder orientalos, sobre todo, en como saír desta crise e consolidarse nun futuro.

Finaliza sinalando que as liñas de actuación iranse dando a coñecer unha por unha na medida que se vaian concretando; naquelas que, cando se vaian poñer en marcha haberá marxe e haberá tempo para que se poidan inscribir, en resumo, terá coñecemento con absoluta transparencia de calquera acción que iniciemos. Continúa indicando que os catamaráns xa está en marcha, tamén estamos avanzando no tema de turismo de proximidade para sacalo a licitación, cada paso que vaíamos dando irémolo comunicando a través das canles desta casa e a través dos medios de comunicación, sen desbotar a posibilidade de convocar outro Consello Provincial de Turismo e iso é canto ten que dicir deste segundo punto sobre o avance das actuacións previstas polo Servizo de Turismo ao longo do 2021.

3.-Rogos e preguntas.

Toma a palabra Dona Pilar García Porto preguntando a Dona Mercedes Lamela López, se chegou por escrito algunha proposta ao servizo de Turismo. A xefa de servizo responde que non chegou ao servizo ningunha que se puidera poñer sobre a mesa co Consello Provincial de Turismo.

Acto seguido, ábrese unha rolda de rogos e preguntas.


Toma a palabra Don José Francisco Real Castro, en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería e Turismo de Lugo – APEHL, agradecendo en primeiro lugar o grande esforzo a administración provincial para botar unha man a todo o tecido empresarial e de desenrolo da provincia de Lugo pero tamén significar a todos vostedes que a situación da hostalaría non é igual que a de outros sectores posto que é o único sector que está pechado, limitado, restrinxido e conculcado nos seus dereitos a abrir, polo tanto os ingresos son mínimos e a situación é caótica como saben vostedes perfectamente. No obstante, calquera axuda que nos vaian chegando son de agradecer e, neste caso, é preciso facerlles saber que a situación de moitos deles e moitas empresas relacionadas co sector turístico están a punto de esmorecer, polo tanto espera que todo este tipo de promocións que se está a facer cando chegue a época de final da primavera e do verán sexamos moitas empresas turísticas e hostaleiras que poidamos acollernos a elas, pero pensa que vai haber unha caída de entidades moi significativo por mor, precisamente, desta pandemia e da situación que estamos a vivir se se traduce en non poder traballar e non poder abrir.

Continúa dando as grazas á deputada por este esforzo que está a facer a Deputación de Lugo e sinala que se lle traslade tamén ao presidente este agradecemento.

Toma a palabra dona Pilar García Porto sinalando que está convencida que as axudas directas para o voso sector son fundamentais e cree que se van implementar rapidamente: a Xunta de Galicia xa o anunciaba, o Goberno do Estado tamén facía un anuncio importante de 11.000 M€. Isto e o esforzo que poidamos facer os demais na medida do posible coa economía coa

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	9/13



que contamos vai a contribuír, sen dubida, a que haxa unha pronta recuperación do sector en canto se poida volver a unha certa normalidade. Agardamos que así sexa, sendo plenamente conscientes das dificultades que estades atravesando todos os sectores relacionados co turismo.

Toma a palabra Dona Mónica Díaz Jublín, en representación da Asociación Profesional de Guías de Turismo de Galicia – Apit Galicia recordándolle a Don José Francisco Real Castro que non é o único sector que está pechado xa que os guías de turismo, non puideron traballar. E máis, engade, no verán pasado cando os hostaleiros si puideron abrir case con normalidade tiveron, como van ter agora, unha limitación da catro persoas. Continúa sinalando que existe un problema moi gordo con ese aforo que alguén inventou, incluso en exteriores xa que pode darse o caso que pode chegar un autobús con 50 persoas e que, en canto saen do espazo pechado do vehículo, díselles que só poden ir de catro en catro e que para un grupo de 50 persoas fan falla 12 guías e iso, economicamente, non é asumible. Continúa dicindo que eles non poden traballar con normalidade porque en caso de deixarnos traballar, cando nos deixan traballar xa que nestes momento están pechados, fano cunhas limitacións. É como se a un restaurante so pode abrir unha mesa ao día. Indica que o que piden da Administración é que nos momentos que haxa un pouco máis de apertura, se aumentase o tope a dez persoas xa que con catro persoas a nosa actividade é difícil facela rendible.

Indica que lle houbese gustado que estivesen presentes as axencias de viaxes, xa que se solidariza moito con elas, con todos os problemas que tiveron para devolver as fianzas de billetes cando as compañías aéreas se fixeron o avión.


Menciona que están estudando se os guías de turismo pódense acoller ao IVE turístico xa que son, dentro do sector, a única profesión que tributa ao 21%, cando todos os demais están ao 10%. Ela persoalmente considera que as axudas que deron as administracións, houbo concellos como o de Lugo que o ano pasado lle deron a certos compañeiros traballo, e lle parece ben, aínda que persoalmente lle da moito apuro ético e un dispendio cobrar honorarios nun servizo onde so poden beneficiarse catro persoas. Engade que agarda que os bonos non sexan só para hostaleiros, senón tamén para produtos das axencias de viaxes e dos guías de turismo: unha persoa que viaxa pola provincia pode que lle interese unha visita guiada a algún monumento dos que temos.

Remata indicando que a súa compañeira Beatriz, representante da asociación no último Consello de Turismo, tiña medo que se interpretaran mal as súas palabras en relación cos comentarios ao Congreso de Turismo Experiencial. Para nós foi unha iniciativa moi boa e, tendo en conta o pouco tempo que se tivo, contou con unha boa organización. A súa crítica responde a que non se fixera un filtro para que os participantes non fosen profesionais do sector, xa que o problema do turismo experiencial é que se está coando moito gurú e moito coach que, simplemente, son xente sen formación e con moita farfallada.

Toma a palabra Dona Pilar García Porto indicando que a hostalaría e o comercio son, quizais, os máis prexudicados, pero todos aqueles que estades relacionados co eido turístico estades nunha situación similar, non só agora senón tamén ao comezo da crise.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	10/13



Sinala que no referente ao turismo experiencial non se tomou como se fose algo negativo, o feito que haxa tantas empresas e moitas non pertencen a este mundo, interesadas neste tipo de turismo xa que é un mundo de oportunidade novo que se abre, aínda que xa leva algún tempo vivindo con nós

Menciona que no relativo aos bonos recollerase a petición e verase como se pode facer xa que, en definitiva, sodes establecementos da provincia que nese sentido poden terse en conta. No referente ao número de guías quedará recollido na acta pero, evidentemente, nin os concellos nin a Deputación lexislamos sobre iso.

Toma a palabra por alusións Don José Francisco Real Castro matizando que cando se leva preto dun ano con esta situación económica e pandémica, hai moitos sectores e moitas empresas que están afectadas, pero significar que dende o 14 de marzo o único sector que estivo pechado por decreto por imperativo legal, non por non poder traballar porque non hai máis ou menos clientes, é o sector da hostalaría.

Sinala Dona Pilar García Porto que non se iniciase un debate xa que todos os que formamos parte deste Consello somos absolutamente sensibles e conscientes da situación que se está a vivindo.

Toma a palabra Don Francisco Xabier Almuíña Chorén, en representación da Federación Galega de Turismo Rural – FEGATUR, sinalando que se alegra que as cousas vaian indo un pouco mellor. Continúa con algo que xa está recollido na acta anterior como é o feito de que, sabendo e entendendo a vosa responsabilidade é a de dar conta a todos do que se quere facer; el segue reivindicando que se isto é un consello consultivo que serve para asesorar e para consultar, dificilmente poderemos asesorar e consultar cando xa todo vén feito. Polo que el segue reivindicando que cree que é preciso cambiar o estilo de traballo deste consello consultivo; cree que sería bo que se nos convocara previamente a poñer a andar cousas para poder facer aportacións e para poder facer propostas; xa que a situación de *a ver si nos traedes propostas* é un modelo que lle segue soando a un modelo de portelo. Considera que se teñen que ir conformando equipos e que temos talento de abondo entre a xente que estamos aquí, como para que cando se planifique o ano en todo o que supón o traballo de turismo dende unha Deputación, cree que sería bo que se tivesen reunións previas técnicas de traballo para poder dicir que planificacións se poden levar a cabo. Xa que senón, pasará como pasou no Consello anterior e como pasa neste: que se nos contan cousas que xa saíron na prensa, que xa sabemos, que algunhas nos parecen ben, pero que realmente pouco se pode facer.

Engade que sobre todas as propostas que hai aí, nós tamén temos suxestións que casarían ben e que farían ben. Sinala que de todas as propostas que se fixeron para o turismo rural, salvo o tema dos catamaráns, pouca cousa nos pode valer.

Considera que hai que buscar outro xeito de traballar nestas historias, porque ao final estamos aquí para recibir o que ao final xa está feito e o que xa está decidido e creo que aí teríamos algo que aportar.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	11/13



Continúa falando do tema das axudas admitindo que son conscientes da situación que todos estamos a vivir e de que nos poden dar axudas, de feito hai concellos que xa están axudando un pouco xa sexa coa exención de taxas ou con axudas concretas e cree que sería algo bo que a Deputación fose quen tivese a iniciativa para animar a todos os concellos a que empreguen fórmulas para poder axudar aínda que sexan con cousas pequenas ou aparentemente pequenas como son as exencións ou as condonacións das taxas ou outras axudas.

Sinala que outra maneira de axudar tamén é que a Deputación poida canalizar este tipo de reclamación xa que el sabe que o concello de Burela, Ribadeo, Friol ou Monforte, entre outros concellos, que están a axudar aos establecementos pero non todos; e, francamente, ter que ir concello por concello presentando instancias para que axuden aos establecementos que hai no seu territorio non fala moito da coordinación e a organización e, nese sentido, a Deputación podía liderar un pouco isto.

Toma a palabra Dona Pilar García Porto sinalando que procuran ser o máis transparentes que podemos, pero temos que ser áxiles. Estamos no mes de febreiro e estamos lanzando dez liñas de actuación que son os dez piares sobre os que se vai basear a Deputación de Lugo para lanzar e intentar recuperar a economía desta provincia. Como acaba de dicir, o único que está practicamente materializado para comezar a actuar, que comeza o día 19 de marzo, son as rutas de catamarán. Sobre calquera dos outros, estamos abertos a escoitarvos e a que nos digades calquera aportación que nos teñades que facer. O feito de darvos a coñecer tamén é nese sentido; o de que poidades traballar; por iso non fai falla convocar un Consello de Turismo porque, como ti mesmo dicías, o servizo de Turismo está a vosa disposición, en definitiva é quen asume estes programas, quen os ten que deseñar, quen os ten que sacar a licitación pública; os que teñen que facer todo o traballo que é bastante longo e bastante dificultoso a nivel administrativo. Hai que pensar que no Servizo de Turismo hai pouco máis de media ducia de persoas nesta institución que traballan para toda a provincia. Polo tanto, cando preguntaba cando había algunha aportación era porque aínda estamos a tempo a incorporar moitas delas a algúns destes programas. Dito isto, con respecto ás axudas económicas e as exencións de taxas por parte dos concellos, engade que cree que non hai ningún municipio que non sexa sensible a situación económica que se está pasando pero, a Deputación non cobra taxas para si, o que fai e recadar para os concellos da provincia que así o desexen.


Sinala que a situación económica de cada concello e diferente da do concello do lado, polo tanto teñen que ser eles, coa autonomía local que nós sempre respectamos, o que ten que priorizar e saber onde gasta, xa que a quen lle hai que render contas, en definitiva, son aos veciños de cada territorio. Por tanto, cada concello decide como mellor prefire investir os fondos; a Deputación de Lugo está para axudar en todo o que precisen pero non para dicirlles o que teñen que facer nin tutelalos co cobro das taxas.

Incide en animar a que, se teñen algunha cuestión, que se plantee, ben sexa a través dunha chamada ao servizo de turismo ou como mellor se considere.

Finalmente indica que quería darlle a benvinda a este Consello de Turismo ás Reservas da Biosfera da provincia de Lugo que hoxe están aquí representadas por Andrea Macho Benito e

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	12/13



por Luís J. Fernández Reija, que considera que van a ter que dicir moito non futuro tamén turístico desta provincia ao ser un dos principais atractivos destes visitantes.

Ás 19:31 dáse por finalizada a sesión ordinaria do Consello Provincial de Turismo.

V. e pr.

A Vicepresidenta
do Consello Provincial de Turismo

O Secretario

Pilar García Porto

José Antonio Mourelle Cillero

Documento asinado electrónicamente.

Deputación de Lugo
San Marcos N°8 – 27001 Lugo
Teléfono: 982 260 000

	IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Fecha y Hora	08/03/2021 11:48:49
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	PILAR GARCÍA PORTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7H5WZ2LNNM52U6SYESID3FEI	Página	13/13

